

Iconografía **CO**ntemporánea **T**radución **I**nterpretación



PARLEY-VOO?

intérpretes da Primeira Guerra Mundial

EXPOSICIÓN no salón de actos
da Facultade de Filoloxía e Tradución
do 28 de novembro ó 16 de decembro de 2016

unha actividade para o seminario de
Antropoloxía Visual e Tradución
do programa de doutoramento
Tradución & Paratradución

no centenario da Primeira Guerra Mundial
ICOTI organiza a microexposición

PARLEY-VOO?

intérpretes da Primeira Guerra Mundial

unha actividade para o seminario de
Antropoloxía visual e tradución
do programa de doutoramento
Tradución & Paratradución

salón de actos da Facultade de Filoloxía e Tradución
do 28 de novembro ó 16 de decembro de 2016

Da considerable masa de imaxes reproducidas polos medios de comunicación e difundidas polos sistemas postais durante a Primeira Guerra Mundial aboia con regularidade a figura, case sempre masculina, do intérprete. Para ofrecer unha experiencia directa desta iconografía do intérprete, dende a colección de investigación ICOTI seleccionáronse documentos reais procedentes dos tres estados europeos máis industrializados de comezos do século XX: o Imperio Alemán, Reino Unido e Francia, protagonistas directos da contenda.

ICOTI é unha base de datos e unha colección material composta por documentos e representacións iconográficas orixinais, principalmente gravados, debuxos, postais e fotografías, sobre as prácticas sociais e profesionais da tradución e a interpretación na historia moderna e contemporánea.

A exposición *Parley-voo?* serve de taller para o seminario de doutoramento *Antropoloxía visual e tradución* do programa de Tradución & Paratradución.

A tradución e a interpretación na historia visual moderna

Dende mediados do século XIX o público foise afacendo a consumir a información canda o seu soporte gráfico, en forma de gravados na prensa ilustrada, de xeito que calquera información tiña que aseverarse mediante unha ilustración, nun principio gravada a partir de debuxos, e máis tarde fotografada. De feito, a popularización das cámaras fotográficas e o abarataamento dos custos de revelado permitiron retratar todas e cada unha das actividades humanas daquela época.

Entre o derradeiro terzo do século XIX ata os anos 1920, a interpretación formará parte das actividades das que se conservan rexistros abundantes que reflicten ámbitos como a vida diplomática, as misións coloniais, a hostalaría ou os medios de transporte. Os procedementos técnicos de captación da imaxe así como os usos sociais relativos ó seu aproveitamento están logo xa perfeccionados cando estala a Primeira Guerra Mundial; así, a contenda ofrece unhas circunstancias excepcionais para a promoción e a manipulación da figura do intérprete, que contribuíron a elaborar unha imaxe pública da nosa profesión.

Visitar a expo

A vitrina na que se expoñen as pezas propón un percorrido visual en dous movementos. O primeiro leva a mirada a través dos dous andeis superiores (3 e 2), nos que se reflicten as políticas de tradución exercidas polos aliados e polo Imperio alemán, tanto no plano organizativo militar como na xestión dos prisioneiros de guerra. O segundo movemento percorre os dous andeis inferiores (1 e 0) nos que se evocan temas transversais como a censura, o armisticio ou a tradución no proceso de anexión territorial na posguerra.

De fondo resoan as seguintes voces: *It's A Long Way To Tipperary* interpretada por John McCormack en 1914, unha declaración de Alfred von Tirpitz sobre o goberno alemán en 1915, Fanning e Fortune cantando *The Tanks that Broke the Ranks* en 1916, Jack Charman con *Mademoiselle from Armentières* de 1915, as palabras do mariscal de campo austriaco Conrad von Hotzendorf en 1916, a versión de *Over There* por Enrico Caruso en 1918, *La chanson de Craonne* de 1917 en versión de 1974 por Eric Amado, e *When Tommy Comes Marching Home* cantada por Harry Marlow en 1914.


GUÍA DA microEXPOSICIÓN



ANDEL 3

ENTENTE CORDIALE

No andel amósase o comunicado 121A02, unha versión traducida para o inglés dun comunicado francés no 16 de xuño de 1918. Xa dende antes da declaración de guerra as autoridades militares e as industrias da comunicación do campo aliado, principalmente de Francia e Gran Bretaña, traballaron intensamente para promover a unidade entre as tropas aliadas. A unidade era fundamental tanto no plano estratéxico e operativo para convencer a opinión pública de que a vitoria era inelutable.



121A02



211A09



211A01

O intérprete é o cemento desa unión, a bisagra que articula visualmente o entendemento entre os aliados.

Na planificación das fases previas á Primeira Guerra Mundial, británicos e franceses acordaron que Francia subministraría un continxente de intérpretes para asegurar a fluidez da comunicación entre os exércitos británico e francés.

Dende a base inglesa nº1 de Le Havre, o intérprete Henry Wyesser escribelle esta postal á súa familia (211A09, 1915). A fotografía amósao a el entre os seus camaradas nun banquete de intérpretes o 14 de febreiro de 1915. Cunha cruz Henry marca o catre no que dorme.

O entendemento tiña que escenificarse entre todas as unidades aliadas, de calquera procedencia, e por iso en 1914 o auténtico protagonista da chegada de continxentes da Commonwealth no porto de Nantes é o intérprete que pousa diante da cámara no mesmo centro do grupo de militares do Reino Unido e da India (211A01, 1914).

Os mandos do profesionalizado exército británico custoulles convivir con intérpretes franceses procedentes da tropa, e tiveron que pasar meses para que nacesse unha certa complicidade entre estas dúas clases sociais. O intérprete francés adoptaba necesariamente os ritmos das actividades e as condicións materiais propias da oficialidade inglesa, e poder desprazarse dacadalo era precisamente un privilexio reservado ós oficiais.




301004

Poucos intérpretes nestas circunstancias se resistiron a gabarse e a fotografarse montados. Velaquí un deles. Henri Biget (301004, 1917) retrátase na postura dun oficial.

O intérprete chega a converterse nun auténtico obxecto patrimonial.

A figura de intérprete foi penetrando no patrimonio colectivo a medida que a súa imaxe se volvía recorrente na prensa gráfica e na correspondencia privada. Velaquí un exemplo de integración do intérprete na memoria da sociedade civil británica: Max Abbatt retratado nunha caixa de mistos coleccionable da serie de boxeadores Cope's Cigarettes Boxers (141002, *circa* 1917). Max Abbatt, ademais de boxeador, era intérprete francés ó servizo de oficiais británicos. A caixa de mistos resalta esa función de intérprete.



141002



421001

Tan axiña como empezou a guerra, o falsificador Gaston Fontanille, baixo o alcume de Delandre, fundou unha empresa para editar e vender estampiñas militares conmemorativas supostamente oficiais. Ata o seu encarceramento en 1917, Delandre estafou a numerosos consumidores convencidos de que contribuían ó esforzo de guerra coa compra das estampiñas.

Delandre puxo a circular dúas estampiñas sobre intérpretes militares, unha en 1914 e outra en 1915. Nunha delas (421001, 1915), de formato apaísado, conmemórase a actividade dos intérpretes franceses destinados no exército británico. O lema de «unidos venceremos» («l'union mène à la victoire») lémbra-lle ó lector que o intérprete está para garantir a colaboración entre os aliados. É particularmente relevante para o estudo das prácticas contemporáneas da tradución o feito de que a falsificación ou imitación das imaxes institucionais tomase en conta o oficio do intérprete, e máis relevante aínda resulta o feito de que ó público lle resultase pertinente esa figura e estivese disposto a gastar diñeiro por tela.

A ansia da tropa anglófona por comunicarse coas francesas explica que existan fotografías que desenvolvían o tema das clases particulares (véxase a fotografía estereoscópica 301003, 1918). O capital simbólico xerado polo entendemento mutuo exprésase neste caso en termos de afecto. A *entente cordiale* mesmo pode adoptar a forma dun cupido uniformado chamado «intérprete», como o debuxo de Geo Desain nesta postal viaxada o 12 de decembro de 1916: «entre a miss inglesa e o soldado francés, Cupido aínda é o mellor intérprete» (211A07, 1916).



301003



211A07

A modernización e institucionalización da figura de intérprete militar na Idade Moderna remonta á época en que Napoleón Bonaparte mobilizou un corpo de intérpretes para a campaña de Exipto (1798-1801) e creou outro corpo para a preparación dunha invasión de Inglaterra (1797-1803), que non se levou a cabo. A campaña de Exipto serviu para que o exército francés se fixase na esfínxe (pola súa vinculación cos enigmas) como icona para as unidades dedicadas a interactuar con linguas e linguaxes diferentes. Así é como se adoptou a esfínxe para os corpos de tradutores e intérpretes, e ademais para descifradores.

Na Primeira Guerra Mundial os intérpretes alemán/francés terán ademais da esfínxe unha insignia de seu: o ramallo de oliveira. Os da combinación francés/inglés seguirán lucindo a esfínxe, como estas insignias de segunda e terceira clase (521002, 1914).




521002

Os tons do metal da insignia expresaban o rango do intérprete (bronce para a terceira clase, prata para a segunda e ouro para a primeira). Na actualidade son varias as entidades militares de tradutores e intérpretes do mundo enteiro que incorporan elementos exipcios na súa iconografía.

Somewhere in France...

O segredo militar esixíalles ós soldados, cando escribían cartas, que non desen indicios do lugar no que se atopaban. A expresión de «somewhere in France» converteuse en todo un slogan da borrosa condición do soldado.

O slogan era tan popular que lle deu nome a unha serie de postais británicas dedicadas ás vivencias da participación británica na guerra. O número 10 desa serie (211A05, 1916-1918) vai precisamente dedicado ó «intérprete en acción». A acción consistía concretamente en negociar o prezo dun coello indebidamente capturado. A obstinada determinación da propietaria do coello e a indolencia dos oficiais británicos constitúen o necesario contrapunto cómico ó estrés do intérprete.



211A05



141006

Como é lóxico, a prensa gráfica interesouse por unha figura que por arte de maxia parecía resolver calquera fricción que puidese comprometer a tan prezada *entente cordiale*. Unha referencia representativa (que non figura na vitrina) publicouse o 19 de xullo de 1917 na páxina 4 de *Le Pays de France, Organe des États généraux du Tourisme* (141006, 1917), nun artigo de Maurice Dekobra titulado «Les interprètes». Reproducimos aquí unha das viñetas debuxadas por Naja que ilustran ese artigo.

E de feito a literatura dedicada á interpretación na Primeira Guerra Mundial insiste en que o cometido esencial do intérprete era loxístico, e consistía en mediar coa poboación para garantir o aloxamento e o subministro de alimentos para a unidade na que servía e tamén, a miúdo, resolver conflitos. Un bo intérprete era aquela persoa capaz de conseguir os mellores cuartos para os oficiais e os paleiros máis secos para os soldados, a mellor carne, o mellor alcohol, os alimentos máis frescos e tabaco dabondo. A este respecto pode resultar interesante ler as aventuras de Aurelle, o intérprete protagonista de *Les silences du colonel Bramble*, do escritor, historiador e veterano intérprete militar André Maurois.

As tendas de fotografía das vilas e cidades na retagarda ofrecían a posibilidade por pouco diñeiro de *postalizar* as fotografías amateur feitas polos soldados. A *postalización* era o procedemento técnico que permitía revelar as fotografías editando un número reducido de exemplares de tarxetas postais. Este procedemento garantía que a imaxe viaxase polo conduto postal dende a fronte ata a casa, previo paso pola censura.

O tratamento da figura de intérprete nas postais privadas era coherente co das imaxes institucionais, e consistía en instrumentalizar o intérprete para recalcar as relacións de poder.

ANDEL 2

PRISIONEIRO

Entre 1914 e 1918 *dez mil millóns* de cartas, postais e paquetes viaxaron entre as casas e a fronte. Unha das poboacións máis concernidas por esta xigantesca masa de cartas que circulou foi a dos prisioneiros.

Nas imaxes dos países aliados, os prisioneiros aparecían dentro de campos, sendo interrogados ou trasladados a pé en columnas e exhibidos polo centro das vilas.

301002 (*s.d.*) é unha fotografía estereoscópica dun parque de prisioneiros alemáns en Francia, cos seus intérpretes. Estoutra fotografía estereoscópica (301001, 1915) suxire a captura e o interrogatorio de prisioneiros alemáns no lugar de Bois Sabot. Na postal bilingüe francés/neerlandés 211A14 (probablemente 1917) o xeneral Ségonne conduce un interrogatorio mediante intérprete sinalado con brazaletes.



301002



211A14




301001

Por moi recorrente que sexa a figura de intérprete nos campos aliados, máis chamativa aínda resulta a instrumentalización do intérprete na iconografía alemá.

Os intérpretes uniformados, formados dentro do exército alemán, son o elo esencial dunha coidadosa composición da imaxe con fins propagandísticos

De feito existe unha diferenza substancial de tratamento das imaxes en función da orixe dos prisioneiros de guerra en mans de Alemaña. Os prisioneiros británicos, por exemplo, aparecen tratados de maneira correcta, como na postal 211D04 (1915) subtitulada (a cursiva é nosa) «Prisioneiros de guerra británicos *co seu intérprete*».



211D04

Este tipo de propaganda resalta a capacidade do Segundo Reich de destinar medios para o confort dos prisioneiros aliados; polo tanto dan a entender que se sobran recursos para ocuparse dos prisioneiros, daquela as necesidades dos propios soldados alemáns están garantidas e a vitoria é indefectible.

O tratamento cambiaba radicalmente cando os prisioneiros procedían da fronte do Leste. Despois de contrarrestar o avance das tropas rusas na Prusia Oriental en 1914, o exército alemán embolsou reximentos enteiros e fixo milleiros de prisioneiros.

A postal 211D05 procede dunha fotografía tomada en 1914 na localidade de Goldap polo fotógrafo oficial Alfred Kühlewindt. Nela, Kühlewindt divide o espazo entre oficiais alemáns e prisioneiros rusos. O sector dos oficiais exerce a súa autoridade sobre o sector dos prisioneiros coa axuda dun vector coidadosamente posto en escena: o intérprete.

A postal 211D06, datada do 8 de xullo de 1916, artéllase dun modo semellante.



211D05




211D06

As fotografías encargadas pola institución militar alemá compóñense de tal xeito que os prisioneiros formen masas ordenadas. Os prisioneiros rusos son logo tratados coma bens mobles que o Imperio Alemán parece ter o dereito de administrar.

Noutros casos, os intérpretes non forman parte do continxente alemán senón que son ocasionais, circunstanciais ou obrigados. Nestes casos a fotografía é privada, non institucional, polo que a composición da imaxe non é tan estudada. Mais os textos que acompañan estas fotografías non deixan de ofrecer datos significativos, como é o caso destas dúas fotografías postalizadas. En 211D02 (1915) un policía militar escolta un prisioneiro de guerra, coa axuda dun neno intérprete eslavo que, segundo reza o título da postal, fala 5 linguas. En 211D01, un oficial alemán pousa no porto de Gdansk entre os seus intérpretes recrutados á forza. Ironicamente, no reverso da postal enviada o 2 de xaneiro de 1916 o propio oficial conta que eses intérpretes fuxiron.



211D02



211D01

ANDEL 1


OUTROS PROCESOS

Armisticio

O armisticio asinase o 11 de novembro de 1918 nun vagón de tren en Compiègne. A delegación alemá xa abandonara o vagón cando o grupo de delegados aliados decide fotografarse na escaleira do vehículo (211A08, 1918). O mariscal Foch aparece na foto antes de partir para entregarlle ó goberno de Francia o texto do armisticio. Na cima da escaleira aparece o tenente Laperche (número 9 na postal), un dos intérpretes da reunión.




211A08




121A04

Un dos procesos menos coñecidos da posguerra é o da anexión e ocupación de territorios do Imperio Alemán por parte dos aliados, que no caso da Renania durará ata os anos 1930. Polo ano 1920, un artilleiro francés chamado André e destinado na fronteira con Alemaña deixou escrito nunha postal que o nomearon intérprete da batería grazas á súa crecente competencia en alemán (121A04).

A actividade aliada da ocupación sustentouse nun denso tecido de traducións administrativas do que esta exposición conserva dúas mostras. A primeira (121A03, 1919) é un salvoconduto emitido o 4 de febreiro de 1919 para o tenente Ernest Howald polo capitán Alaunier, oficial de enlace e intérprete do estado maior da 28ª División dos Estados Unidos. O segundo soporte (121A05) consiste no formulario pretraducido en francés dunha solicitude de cobramento das débedas contraídas por empresas alemás antes do remate da guerra.



121A03




121A05

Censura

Non é necesario insistir na función primordial dos tradutores e intérpretes militares como censores da comunicación privada, nun conflito dunha dimensión tan internacional. Millóns de documentos que foron autorizados a circular entre os diferentes espazos lingüísticos levaron o cuño dos servizos de intérpretes. Neste andel atópanse dous exemplos pertencentes a campos e xéneros diferentes.

Por unha banda, a postal-retrato dun militar alemán enviada o 21 de maio de 1917 e autorizada (Geprüft!) mediante o cuño do servizo de intérpretes oficiais da autoridade militar (121D01, 1917).



121D01




121A01

Por outra, a tarxeta-formulario 121A01 (1918) que a administración francesa editou en alemán para os prisioneiros de guerra do Segundo Reich retidos en Francia. Neste caso unha tarxeta, convenientemente escrita con lapis, enviada dende o campo de prisioneiros de La Mure por Paul Schmidt á súa irmá o 10 de marzo de 1918.

En condicións ideais, un prisioneiro de guerra na fronte occidental tiña dereito a enviar cada mes ata catro tarxetas e dúas cartas, sempre escritas con lapis. As tarxetas, coma a 121A01, viñan impresas e cun número limitado de liñas para escribir a mensaxe. Os paquetes viaxaban por outro circuito de distribución xestionado pola Cruz Vermella.

Os momentos de lecer son propicios para facer un retrato. Aquí os de Adolf Müller (211D08, *s.d.*) e dun intérprete turco anónimo en Kara Sinanci, enviada por un tal Raymond en 1917 (211A15).



211D08




211A15

Intérpretes de papel

Non sempre foron de papel nin de cartón. Porén, por intérpretes de papel entendemos os folletos utilizados como soporte organizado de equivalencias en varias linguas. O seu funcionamento consistía en sinalar co dedo as equivalencias previamente aliñadas. Os intérpretes de papel elaborados con imaxes serán máis habituais a partir da Segunda Guerra Mundial. Hoxe en día, e coa marca Kwikpoint, seguen a comercializarse intérpretes visuais para operacións militares. Os intérpretes de papel da Primeira Guerra Mundial, mais principalmente os intérpretes visuais da Segunda Guerra Mundial, son os antepasados directos das aplicacións para dispositivos móbiles de tradución visual.

Moitas editoriais privadas se lanzaron a publicar intérpretes de papel, financiando as edicións mediante anuncios publicitarios. Parley-voo?, a fórmula coa que se pretendía que os soldados anglófonos pronunciasen o francés *parlez-vous ?*, foise popularizando nos intérpretes de papel (131001, *s.d.*), ata consagrarse definitivamente no título e no refrán da canción inglesa de 1915 «Mademoiselle from Armentieres, Parley-voo?», que se ofrece como fondo sonoro.



131001



131002

O extraordinario *Automatic Interpreter for the use of the British Soldier*. Paris: Éditions Nationales (131002, 1918) tamén se editou nunha versión titulada *The ideal Interpreter*. Ámbalas dúas edicións anticipanse ós discursos sobre a tradución propios da segunda metade do século XX e de xéneros da ciencia ficción, que promoven a figura do robot (autómata) intérprete infalible (ideal).

ANDEL O

ECOS DA GUERRA

Este andel concíbese como un depósito inerte de obxectos directamente producidos para a Primeira Guerra Mundial, ou como consecuencia dese conflito. Os exemplares dos libros son de primeira edición.

O intérprete de papel en catorce linguas da Cruz Vermella *Das Rote Kreuz Büchlein in 14 Sprachen. Der unentbehrliche treue Begleiter und Dolmetsch im Lazarett* (131003, 1914) é a mostra do grao de preparación e anticipación da Cruz Vermella para o estalido do conflito. Este exemplar foi doado a ICOTI pola profesora Michaela Wolf, da Universidade de Graz.

Unha Cantimplora do exército dos Estados Unidos de América (ICOTI, s.c., 1918). A chegada do continxente estadounidense en 1917 desequilibrou de maneira decisiva a relación de forzas na fronte occidental. Ademais, para preparar a súa entrada na guerra, os Estados Unidos modernizaron e engordaron o seu exército ata convertelo nunha forza internacional de primeira orde. Os soldados europeos e os habitantes, esgotados e mal alimentados, asistiron con estupor á chegada rutilante das divisións estadounidenses.

Un libriño dos *Salmos*, editado en 1918 pola Armada Británica e especialmente deseñado para caber nos petos máis pequenos dos uniformes británicos. De todos os libros sagrados, os *Salmos* foron sen dúbida o texto máis reproducido e recitado polos soldados da Primeira Guerra Mundial.

Laglains, Jacques (1924) *Mémoires d'un censeur*. Paris: La Renaissance du Livre. Neste libro publicado en 1924 por un censor analízanse as circulares que definían o réxime da censura exercido sobre a prensa durante a Primeira Guerra Mundial. Non faltan referencias á tradución.

Lintier, Paul (1916) *Ma pièce. Souvenirs d'un canonnier*. Paris: Plon. *Ma pièce* é o perfecto exemplo de libro patriótico. Nel, o escritor Paul Lintier (1893-1916) relata a súa participación como artilleiro na Primeira Guerra Mundial. Lintier morre na fronte de guerra practicamente no momento en que a novela sae do prelo.

Mermet, Armand (1939) *Manuel d'étude de l'interprète militaire (...)* Paris: Charles Lavauzelle & Cie. Do manual desprégase o mapa dun campo de prisioneiros no que se plasma o circuito de interrogatorio. Malia que este manual fose publicado a comezos da Segunda Guerra Mundial, o esquema do campo de prisioneiros segue o modelo vixente a finais da Primeira Guerra Mundial.

Vercel, Roger (1934) *Capitaine Conan*. Paris: Albin Michel. Esta novela, levada ó cinema en 1996, trata aspectos como os problemas de adaptación ás regras da vida civil dun comando franco de soldados franceses da Primeira Guerra Mundial despregados na fronte romana.

Remarque, Erich Maria (1929) *Im Westen Nichts Neues*. Berlin: Impropyläen-Verlag. *Sen novidade no Oeste*, de Erich Maria Remarque, é unha das obras máis influentes sobre a Primeira Guerra Mundial, e adóitase considerar como un monumento contra o pensamento bélico. Nela nárrase a desacougante vida dun soldado alemán, e os desastres da guerra. A obra de Erich Maria Remarque foi especialmente perseguida durante o Terceiro Reich; o exemplar exposto aquí sobreviviu ás queimas de libros organizadas na Alemaña nazi a partir de maio de 1933.

Unha actividade de tradución salientable consistiu na edición de propaganda multilingüe (francés/inglés, francés/neerlandés, francés/ruso etc.) destinadas a funcións de propaganda de cada lado das fronteiras. Algúns exemplos de postais bilingües andan estradas polo andel (211A10, 211A11 e 211A12, 1914).

PARA SABER MÁIS...

O xornal británico *The Guardian* artella un coidadoso percorrido multilingüe polas orixes e o desenvolvemento da Primeira Guerra Mundial: <https://www.theguardian.com/world/ng-interactive/2014/jul/23/a-global-guide-to-the-first-world-war-interactive-documentary>

Algúns grupos de investigación exploran o ámbito da tradución e interpretación na guerra, dende unha perspectiva non militarizante. Este é o caso dun [proxecto da universidade de Joensuu](#), en Finlandia, dedicado ás culturas militares da tradución, e do proxecto de Languages at War da Universidade de Reading. Este último proxecto impulsou varios capítulos especializados neste tema, da serie de publicacións *Palgrave studies in Languages at War*. Outra referencia é o volume *Framing the interpreter*, coeditado por Anxo Fernández-Ocampo e Michaela Wolf. Neste volume os capítulos dedicados á Primeira Guerra Mundial son os seguintes:

Kelly, Louis: Staging the Entente in the first World War, 85-95.

Heimbürger, Franziska: Power relations in postcards of French First World War military interpreters, 96-105.

Wolf, Michaela: Staging prisoners of war, 106-114.

Anxo Fernández Ocampo, ICOTI
novembro de 2016